

A MODO DE "CONCLUSIÓN"

Obradoiro: Paisaxes Culturais Galegas. Un (intento de) mapexo

Aproveitando que este ano 2016 o Día Internacional do Museos proposto polo ICOM estaba orientado ao lema 'Museos e paisaxes culturais' o Museo de Arte Contemporánea de Vigo organizou o Obradoiro 'A paisaxe cultural galega. Un (intento de) mapexo' o sábado 14 de maio.

O encontro tiña como obxectivo trazar e debater unha breve análise teórica sobre o concepto de paisaxes culturais e a súa relevancia, seguido do obradoiro, no que os participantes foron situando en mapas das provincias galegas aquelas paisaxes que consideraron que destacan polo seu interese cultural, así como os museos que se espallan ao longo da xeografía galega.



No Obradoiro participaron 14 persoas, cunhas traxectorias moi diversas, dende o ámbito da educación, da interpretación do patrimonio, pasando por investigadores da paisaxe e interesados na materia. A potencialidade do grupo xa facía entrever a posibilidade dun debate intenso e rico no desenvolvemento do obradoiro.

Cunha iluminación moi aquelada e un espazo de traballo no propio MARCO moi axeitado, comezouse a debuxar os diferentes trazos que interrelacionan o que entendemos por paisaxe. Á vez foise analizando a importancia do

A MODO DE “CONCLUSIÓN”

Obradoiro: Paisaxes Culturais Galegas. Un (intento de) mapexo

desenvolvemento de obradoiro e demais procesos participativos á hora de establecer cales podían ser as paisaxes culturais galegas máis destacadas.

Fronte as visións que consideran a paisaxe como un fenómeno estritamente obxectivo, analizouse a importancia da subxectividade á hora de construír/ ver ou sentir as paisaxes. Son procesos multisensoriais onde a pegada humana condiciona a forma de entender a relevancia da paisaxe. Ao final trátase dun proceso dinámico cun forte condicionamento humano.



E como non podía ser menos, o concepto de feísmo volveu saír ao debate. Que si falta de autoestima, que si a reivindicación doutras estéticas, que si hai certa relación coa cultura hacker, o proxecto “Eu si quero feísmo na miña paisaxe” de Ergosfera...

Había ganas de debater, de repensar xuntas a incidencia da paisaxe sobre a cultura, a identidade, da memoria, sobre a forma de vernos e de que nos vexan... mais o horario limitaba os tempos do obradoiro. E así transitamos cara a segunda


A MODO DE "CONCLUSIÓN"

Obradoiro: Paisaxes Culturais Galegas. Un (intento de) mapexo

fase, que trataba de determinar aquelas paisaxes culturais que teñen unha especial relevancia. Mais a cuestión radicaba en como determinamos que criterios condicionaban que poidamos falar dunha paisaxe cultural relevante.

Así acordouse determinar 5 criterios, estes eran:

- Importancia simbólica compartida
- Elemento patrimonial significativo
- Uso significativo dun recurso
- Pegada histórica destacada
- Resultado da interrelación ser humano - natureza
- Área valorizada



A MODO DE "CONCLUSIÓN"

Obradoiro: Paisaxes Culturais Galegas. Un (intento de) mapexo

Os parámetros eran subxectivos, non se trataba de determinar uns criterios válidos universais, que explican a existencia ou non dunha paisaxe, senón duns trazos que nos permitan ver si podemos ou non falar dunha paisaxe cultural de relevancia.

Así, a través de tres grupos foise transitando de provincia en provincia para poder pensar de forma colectiva un mapexo de paisaxes culturais galegas. E aquí abaixo o "resultado" deste proceso de debate conxunto.



[o mapexo]

Pontevedra	Ourense	Lugo	A Coruña
A Guarda	Termas de Ourense, Ribadavia, Lobios	Lugo	Castro de Neixón Boiro
Monte Aloia	Médulas de Caldesiños	Monforte de Lemos	Corrubedo

A MODO DE “CONCLUSIÓN”
Obradoiro: Paisaxes Culturais Galegas.
Un (intento de) mapexo

Tui	As Ermidas	Ribeira Sacra	A Curota
Pesqueiras de Arbo	Oliveiras de Quiroga	Ría de Eo	Castro de Baroña
Franqueira	Xurés/Geres	Ría de Foz	Cabo Home
Ensenada de San Simón	Ruta dos Mosteiros	Sargadelos	Virxe da Barca
Castelo de Soutomaior	Pan de Cea/Mosterio de Oseira	Praia das Catedrais	Cabos (Fisterra, Touriñan, Vilano)
Masso	Cerámica Niñodaguia	Nacemento río Miño	Costa da Morte
Campo Lameira	Entroidos	Mondoñedo	Encaixe de bolillos - Camariñas
Illa de Arousa	Monterrei (castelo e viñedos)	Monte Furado	Casa de Eduardo Pondal
Pontevedra	fronteira	Samos	Olaría de Buño
Balados da Lama	Manzaneda	Cova das Chollas	Torres do Allo /Dolmen de Dombate /Castro de Borneiro
As poldras da Cañiza	Pena Trevinca	Camiño de Santiago	Malpica, cadros de Urbano Lugris
Balneario de Mondariz	Serra do Invernadoiro	Queixo de Arzúa	As Pontes
Festival de Cans	O Courel	Burela	O Eume
Oia	Couto Mixto	Semana Santa Viveiro	Ferrol, paisaxe militar
Festa do cocido Lalín	Os tres reinos	Minas de Pontenova	San Andrés de Teixido / serra da Capelada
Pazo de Oca (A Estrada)	Allariz	Semana Santa de Viveiro	Festival de Ortigueira

A MODO DE “CONCLUSIÓN”

Obradoiro: Paisaxes Culturais Galegas. Un (intento de) mapexo

Aciveiro	Serra de San Mamede	Vialba	Santiago de Compostela
O marisqueo	Santa Comba de Bande	Terra Cha (terra de poetas)	O Pindo
Os furanchos	Moros e cristiáns	Serra do Xistral	Pico Sacro
Cine Imperial	Celanova/Vilanova dos Infantes	O Courel (montaña e poetas)	A Coruña
A eira da liñaza	Trasalba, Casa de Otero Pedrayo		Corrubedo
Procesión Santa Marta de Ribarteme	Melón		Padrón (pementos)
	Polbo de Carballiño		Muros e Noia
	Avión (emigración)		Camiño de Santiago
			Portodemouros
			Pobra do Caramiñal (Casa de Valle inclán)
			As Minas de San Finx
			Valdoviño

[Referencias]

Olladas críticas sobre a paisaxe. Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Federico López Silvestre. Consello da Cultura Galega. 2008

<http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=563>

Aqui hai dragóns. Joan Morera Arbones. 2016

https://issuu.com/mariadelfoco/docs/catalogo_gallego_issu

Territorios desprezados-pero-sen-prezo. Ergosfera. 2012

<http://proxectoderriba.org/territorios-desprezados-pero-sen-prezo/>